

Convocatoria pola que se establece o procedemento de selección de centros sostidos con fondos públicos que desexen participar no programa LÓVA para o curso 2024/2025

1. Presentación do proxecto LÓVA

LÓVA (La ópera, un vehículo de aprendizaje) é un proxecto do Teatro Real que conta con máis de dezaseis anos de experiencia e coa participación de 18.000 alumnos/as procedentes de centros de educación primaria, secundaria, educación especial e doutros colectivos sociais. Esta iniciativa propón que o alumnado experimente a experiencia de ser membro dunha compañía de ópera que traballará ao longo de todo o curso escolar 2024/2025 co obxectivo de representar finalmente a súa propia produción operística.

Esta convocatoria vai dirixida aos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e ciclos de formación profesional básica (FP básica).

A implantación deste programa nos centros educativos supón:

- a) Favorecer o traballo por proxectos baixo unha perspectiva artística e interdisciplinaria, integrando as diversas materias que conforman o currículo e promovendo o afianzamento das competencias clave no alumnado. Preténdese así, fomentar a creación de proxectos artísticos nas aulas, potenciar a confianza, emoción, respecto, creatividade e o emprendemento entre alumnado e profesorado e adquirir unha serie de ferramentas e metodoloxías que permitan traballar de xeito interdisciplinario e transversal.

Este carácter transversal do proxecto posibilita desenvolver aspectos do currículo que implican a diversas áreas, materias, ámbitos e módulos:

expresión oral e escrita, estrutura do xénero dramático, importancia dos elementos escénicos (música, decorados, iluminación...), linguaxe musical e plástica, expresión corporal, espírito emprendedor, xestión das emocións e dos conflitos...

- b) Fomentar o desenvolvemento profesional do persoal docente en base ao Modelo de Competencias Profesionais Docentes 2023, posto que constitúe unha excelente oportunidade de mellora das mesmas, tanto no tocante á área pedagóxica como á profesional e social.
- c) Potenciar o traballo intercentros establecendo irmandades LÓVA, mediante redes de intercambio entre docentes de centros educativos que realizan ou realizaron o proxecto. Para conseguilo, a Administración Educativa favorecerá a constitución dunha rede LÓVA.

2. Fases do proxecto

A implementación do proxecto LÓVA nos centros educativos implica a organización do mesmo en tres fases: unha formación inicial destinada ao profesorado, a planificación e posta en marcha do proxecto, e, por último, a representación final perante os membros da comunidade escolar.

1ª Fase. Formación inicial

Consistirá nun curso intensivo LÓVA de 64 horas, que se certificará como formación do profesorado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que se desenvolverá en Santiago de Compostela do 12 ao 19 de xullo de 2024. Este será impartido por profesionais do Teatro Real e ten como obxectivo principal dar a coñecer aos docentes os procedementos e estratexias metodolóxicas necesarios para levar a cabo o proxecto na aula. Achegarase, deste xeito, formación e asesoramento sobre:

- A relación da actividade cos elementos do currículo das diferentes áreas/materias/ámbitos e módulos implicados.

- A adquisición de recursos e ferramentas que faciliten un proceso de creación colectiva.
- O deseño de estratexias para o desenvolvemento da autonomía, o esforzo e a motivación.
- A planificación relativa á implantación do proxecto no centro: ensaios, posta en escena, estrea...
- O coñecemento das diversas profesións que compoñen unha compañía de teatro e a interdependencia entre elas.
- A análise dos elementos do libreto: tema, tese, personaxes, estrutura dramática.

2ª Fase. Desenvolvemento do proxecto

Para a implementación do proxecto no centro e ao longo do curso escolar 2024/2025, os centros participantes contarán co asesoramento e formación proporcionados pola Rede de Formación Permanente do Profesorado, CFR e CAFI, a través de actividades de formación en centros, ben coa creación dun itinerario dentro dun PFPP, no caso de centros públicos, ben dentro dun grupo de traballo ou seminario no caso de centros privados concertados.

Poderán ademais desenvolverse outras actividades relacionadas coa implementación e posta en práctica do proxecto.

3ª Fase. Representación final

Consistirá na posta en escena da produción operística ante os membros da comunidade escolar.

3. Participación

Os centros educativos interesados en participar no proxecto LÓVA deberán inscribirse a través da aplicación informática Fprofe, na pestana de "convocatorias", **ata o 10 de xuño de 2024 inclusive**. Serán os directores/as dos centros os que realicen a inscrición.

Ademais enviarán por correo electrónico a spdf@edu.xunta.gal co asunto "Convocatoria Proxecto LOVA" un documento asinado co nome das dúas persoas

docentes que participarán na 1ª fase de formación inicial .

4. Selección de participantes

Seleccionaranse un máximo de 13 centros educativos para participar no programa LOVA 2024/2025, que se distribuirán entre os distintos Centros de Formación e Recursos do seguinte xeito: CFR A Coruña 2, CFR Ferrol 1, CFR Lugo 2, CFR Ourense 2, CFR Pontevedra 2, CFR Vigo 2 e CAFI 2.

Para dita selección aplicaranse os seguintes criterios :

1. Non ter participado en anteriores actividades de formación inicial LÓVA.
2. Porcentaxe de profesorado do centro que participou no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) /GT e Seminarios no curso 2023/2024.
3. Promedio de horas de formación en centros (PFPP)/GT e Seminarios de cada docente, no curso 2023/2024, no plan de formación do profesorado.

5. Compromisos dos centros

Os centros educativos seleccionados comprometeranse a implantar o proxecto LÓVA no curso académico 2024/2025 mediante documento escrito asinado pola dirección do centro e o profesorado participante que se remitirá ao Centro de Formación e Recursos do seu ámbito. Dito proxecto incluírase, asemade, dentro dos documentos de centro que correspondan.

Ademais, dous representantes do profesorado participante comprometeranse a realizar o curso intensivo LÓVA de formación inicial, non podendo repetir formación aqueles docentes que xa participasen en edicións anteriores.

6. Prazo de resolución

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos 5 días hábiles, publicarase a resolución definitiva no portal educativo.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024.